

## I ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E AS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA A IMPLANTACIÓN, FORMACIÓN, SOPORTE E MANTEMENTO DUNHA SOLUCIÓN DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA.

En Pontevedra/Meis

### INTERVEÑEN

Dona María del Carmen Silva Rego, presidenta da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local.

Dona Marta Giráldez Barral, alcaldesa do Concello de Meis, actuando en representación do mesmo en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 124.1.4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Dando fe do acto, D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes recoñécense con capacidade para formalizar esta I addenda e, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións entre as administracións públicas,

### EXPOÑEN

**Primeiro.-** Que con data 16 de outubro de 2020 aprobouse o convenio marco de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica. (Expte. 2020036145).

**Segundo.-** Que a cláusula décima do convenio indica que a duración do mesmo poderá ser prorrogado de forma expresa a través da correspondente addenda, por períodos anuais ou inferiores, ata un máximo de catro (4) anos conforme ao disposto no artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

A tramitación, subscripción e efectos da prórroga que no seu caso se acorde efectuarase de acordo co previsto pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e co resto da normativa aplicable.

**Terceiro.-** Mediante acordo da Xunta de Goberno en data 23 de decembro de 2021, foi prorrogado o contrato para o servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra, Expte. nº 2020029219.



**Cuarto.-** Que o artigo 36.2.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, establece como competencia propia das Deputacións Provinciais dar soporte aos Concellos para a tramitación de procedementos administrativos e a realización de actividades materiais e de xestión.

**Quinto.-** Que a cooperación interadministrativa para a aplicación coordinada da normativa reguladora dunha determinada materia poderase plasmar a través dun convenio no que estean previstas as condicións e compromisos que asumen as partes que o subscriben, tal e como se preceptúa o artigo 144 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

**Sexto.-** Que a Deputación de Pontevedra, consciente da grande demanda e a importancia do servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para 54 Concellos, 4 Mancomunidades e 6 Entidades Locais Menores adheridos ao convenio desexa estender, mediante esta I Addenda, o seu ámbito temporal de aplicación.

**Sétimo.-** Resultando de interese para as Entidades Locais continuar co servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica.

## ACORDAN

### **PRIMEIRA.- Ampliación da vixencia do convenio**

Ampliar a vixencia do convenio ata o 10 de marzo de 2023, data de finalización da prórroga do contrato para o servizo de implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica para as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra, Expte. nº 2020029219.

A vixencia do convenio de orixe non se estende máis do prazo de 4 anos establecido no art. 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### **SEGUNDA.- Efectos da I Addenda**

A presente I Addenda producirá efectos dende a súa sinatura.

Salvo modificacións expostas na presente I Addenda, mantéñense plenamente en vigor todos e cada un dos termos e condicións do convenio.

### **TERCEIRA.- Réxime Xurídico**

A regulación establecida nesta I Addenda axustarase, en todo e no especificamente regulado nela, ao réxime xurídico establecido nas cláusulas do convenio de colaboración do que trae causa.

E para que conste, e en proba de conformidade, asinan as persoas interviñentes a presente I Addenda ao "convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e as Entidades Locais da Provincia de Pontevedra para a implantación, formación, soporte e mantemento dunha solución de administración electrónica".

Asinada dixitalmente.

